

## ACTIVIDADES 1º BACHARELATO

Boa tarde a todas e todos! Agardo que tanto vós como as vosas familias esteades ben e cumprindo coas regras do illamento.

A continuación vouvos dar algún traballo para facerdes na casa nestes días que non nos imos ver. Como non sabemos a duración, pois tedes que estar atentos á páxina web do centro para saber se hai actividades.

Eu vou colgar todo na web. Fareino en semanas sucesivas. Tedes o meu enderezo para calquera dúbida:

[correotitora@gmail.com](mailto:correotitora@gmail.com)

Comezamos coas **tarefas**:

1. Ler e tratar de entender a **Unidade 4: o pronome**. Se hai dúbidas ou partes máis complicadas, comentádemolo a través do enderezo electrónico.
2. Pasamos ás actividades: páx. 90: 1,3,4,6,8 e 10. Estas actividades deben estar nos cadernos ou no libro se é voso e adoitades facelas alí.
3. Cando rematedes as do libro, ides á páxina de **www. ogalego.eu**. Aparecevos **ENTRAR: especial crise coronavirus**. Premedes aí e despois en **Mallando pronomes persoais**.
4. A continuación facedes as actividades que indico:
  - ✓ **0.1** Colocar o pronome no lugar indicado e intentar explicar a regra, aínda que non o pide. Ao final da actividade tedes a verificación de se está ben ou non.
  - ✓ **1,2,3,4 (este é moi longo, facede 20 oracións)**
  - ✓ **5 (20 oracións), 6 (completo; mirade a teoría da páxina 83 para ver cando se coloca cada alomorfo), 7,8 e 9 (tamén unhas 20 oracións de cada un), 11 (todo o exercicio) e 14 (20 oracións).**

Como vedes, os exercicios online autocorrixense. No caso dalgunha dúbida, enviádesme un correo e eu contéstoa. Estes exercicios non os vou corrixir logo na aula. Son para afianzar o tema. Insisto, se hai dúbidas sobre a teoría, por favor dicídemolo e tentarei solventalas.

Seguimos en contacto. Boa finde NA CASA. Un saúdo

Isolina